

## ARTE ROMANA

EDIFICIO: **ARCO DE TITO**

AUTOR: Descoñecido

CRONOLOXÍA: 81 d.C.

TIPOLOXÍA: Arco de triunfo

MATERIAL: sillares de pedra e mármore

ESTILO: Romano Imperial

LOCALIZACIÓN: Via Sacra, Foro (Roma)



DESCRICIÓN FORMAL

É un arco de triunfo que ten como característica unha estrutura sinxela e a simetría das proporcións, con combinación de estrutura alintelada e abovedada (arco de medio punto, bóveda de canón con casetóns) que aportan máis firmeza.

É de formigón recuberto de placas de mármore. Ábrese nun só arco de medio punto, formando no intradós unha bóveda de canón decorada con casetóns e escenas relativas aos triunfos do emperador Tito. O arco está apoiado en dous piares ornamentados con pequenas fornelas e unhas semicolumnas adosadas de fuste acanalado e capiteis compostos. Remata o corpo central un entaboamento formado por un arquitrabe a tres bandas cun friso, no que se representa o desfile triunfal das lexións romanas en Xerusalén, e cornixa ornamentada. Remata no ático cunha inscrición conmemorativa. Na liña do gusto romano, unha construción abovedada utiliza o sistema alintelado grego como decoración.

O valor do arco de Tito reside na súa decoración escultórica, sobria no exterior (friso e enxugas do arco) e desbordante baixo a bóveda, onde altorreleivos de gran formato presentan a entrada triunfal de Tito na arrasada Xerusalén (70 d.C.) e o desfile dos trofeos collidos aos xudeus.

No interior do pasadizo do arco atópanse a media altura, un a cada lado, dous altorreleivos de gran formato, que narran de maneira propagandística as xestas máis relevantes do Emperador, instituindo co chamado **relevo histórico**:

- Un representa o episodio central da celebración do triunfo, é dicir, ao emperador Tito que, acompañado dunha deusa da Vitoria que o coroa, avanza sobre unha cuadriga precedida por lictores e dirixida pola deusa Roma, que volta a cabeza cara a el, seguido das figuras alegóricas do pobo e do Senado romano, representados, respectivamente, por un home novo co torso espido e un home vello vestido con toga. Cando o arco foi levantado Tito xa morrera. Esta circunstancia aconsellou non representalo en compañía dos vivos, senón de figuras alegóricas, aínda que o feito que se conmemoraba fose histórico, polo que non o acompañan, como sería de esperar, os maxistrados, sacerdotes, vestais, membros da familia imperial e achegados. Nacía así como novo xénero o relevo histórico-alegórico. No máis alto do intradorso do arco un relevo amosa o emperador no seu transporte ao ceo a lombos dunha aguia.
- O panel oposto amosa o inicio da cerimonia, é dicir, a procesión cruzando a porta da vitoria, que está representada no lado dereito, mentres que os serventes traen o botín desde o templo de Xerusalén (as trompetas de prata, o candelabro de sete brazos). En paneis provistos de asas probablemente se fixaron as inscricións que explicaban o que eran os obxectos e con nomes das cidades.

En ámbolos dous paneis existe un avanzado tratamento da perspectiva, atmosfera lograda cun difuminado, preocupación polo movemento e estudo de distintas actitudes. Hai unha gran profundidade espacial, con claroscuros e xogo de luces que aumentan a ilusión espacial. Gradúase o relevo de xeito que hai varios planos de relevo sobre a superficie, e ademais esa superficie faise lixeiramente convexa. A policromía que deberon ter estes relevos debeu contribuir ao mesmo propósito. Todo o anterior, a pesares de que o tratamento das figuras carece da elegancia e estilización de influencia grega e achégase á corrente máis realista que acabará dominando parte da escultura romana.

O resto de elementos escultóricos teñen menos importancia pero son interesantes desde o punto de vista iconográfico. Nas enxugas do arco sendas Vitorias diríxense voando e portando estandartes ás claves dos arcos. O "S" que debuxan as súas volutas está recuberto de follaxe. No intradorso do arco casetonado, un agúa porta a Tito ao ceo nun relevo cun carácter moito máis rústico a pesares de representar a apoteose de Tito. Este arco e os seus relevos son proba da arte ao servizo do poder imperial.

#### ENTORNO E INTEGRACIÓN URBANÍSTICA

Está situado no punto máis alto da Via Sacra, no Foro romano. Na Idade Media a familia patricia dos Frangipane converteu o Coliseo nunha fortaleza e incorporou o Arco de Tito á muralla medieval.

#### FUNCIÓN, CONTIDO E SIGNIFICADO

En canto á tipoloxía, os arcos triunfais son o exemplo máis salientable da arquitectura conmemorativa romana. A finalidade destas obras é facer propaganda das vitorias bélicas e do poder de Roma entre a poboación. Construíanse para os desfiles das tropas vencedoras e eran adicados aos xenerais ou emperadores vitoriosos, e adoitábanse situar en lugares estratéxicos como cruces de calzadas, extremos dalgunhas pontes e, sobre todo, nos foros. Os que se conservan son fundamentalmente de época imperial.

Un arco de triunfo romano é unha construción pétreo e exenta na que se abre un número impar de vans, e vai decorada con relevos alusivos ao feito conmemorado e con outros símbolos (por exemplo vitorias aladas), colocando ademais nunha das caras o unhas dúas as inscricións en letra capital que narran as campañas realizadas e eloxian a quen as dirixiu. É o arco máis antigo de todos os que se conservan en Roma, exemplo de proporción arquitectónica e sobriedade decorativa. Atópase situado aínda hoxe no punto máis alto da Via Sacra que sae do Foro Romano e atribúese a Tito pola dedicatoria da cartela do ático: "O Senado e o pobo de Roma ao divino Tito, fillo do divino Vespasiano, Vespasianus Augustus". Debeuno mandar erixir Domiciano, en honra do seu irmán Tito, a pouco de que este morrese. Domiciano abstívose de figurar na dedicatoria. O arco de Tito conmemora a súa vitoria contra os xudeus no ano 70 d.C.

#### MODELOS E INFLUENCIAS

A tradición de erixir arcos de triunfo é unha das creacións máis orixinais da arte romana, que ten unha importante influencia a partir do Renacemento e que ten no Arco de Triunfo en París un dos seus exemplos máis relevantes da súa impronta no S.XIX.

